

2018

I PREMIO MORALES

PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO

TRAS OS PASOS DE MORALES: OS MAGOSTOS



EDICIÓN
POSITIVAS



**Junta de
Castilla y León**



**XUNTA
DE GALICIA**




CONSEJO COMARCAL
DE **EL BIERZO**



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**

Instituto
de Estudios
Bercianos
(IEB)



I PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO. 2018

-TRAS OS PASOS DE MORALES: OS MAGOSTOS-

BASES DO CONCURSO TRAS OS PASOS DE MORALES

1. CATEGORÍAS

A. DEBUXANDO O POEMA **“OS MAGOSTOS”, DE ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES**

Poderá concorrer calquera alumna ou alumno de educación infantil e primaria adscrito ao Programa para a promoción do idioma galego no Bierzo.

O debuxo será orixinal e inédito, en formato A4, e realizado con calquera técnica.

O autor ou autora participará cun máximo de dous debuxos, no(s) que interpretará o poema “Os magostos”, de Antonio Fernández Morales.

As creacións serán enviadas nun sobre pechado ao seguinte enderezo postal: Consejo Comarcal de El Bierzo. Avenida de la Minería, s/n (Edificio Minero), 24400 Ponferrada, León.

Neste sobre incluírase, xunto co debuxo, o nome e apelidos do alumno ou alumna, centro escolar e curso académico.

No sobre, escribirase: **I PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO
BIERZO. 2018, CATEGORÍA 1**

B. CONTANDO, POETIZANDO E DRAMATIZANDO O POEMA **“OS MAGOSTOS”, DE ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES**

Poderá concorrer calquera alumna ou alumno de educación secundaria e bacharelato adscrito ao Programa para a promoción do idioma galego no Bierzo.

A creación literaria será orixinal e inédita.

O autor ou autora escribirá unha peza literaria en galego a partir do poema “Os Magostos”, de Antonio Fernández Morales. Escollerá libremente entre os seguintes xéneros literarios: conto, poesía ou teatro.

Participará cunha soa creación literaria, cunha extensión máxima é de 7.000 caracteres (catro follas). Non haberá extensión mínima. Presentarase en formato Word, letra Times New Roman, tamaño 12 e espazo interlineal dobre.

As persoas participantes enviarán un só correo electrónico a premiosmorales@gmail.com, cos seguintes documentos adxuntos:

1. Documento 1, que levará por nome **O TÍTULO DA CREACIÓN**, e que conterá o lema ou pseudónimo e, a continuación, o texto que se presenta ao concurso.
2. Documento 2, que levará por título **O PSEUDÓNIMO**, e que conterá o nome e apelidos do autor ou autora e o nome do instituto.

Na mensaxe indicarse, no asunto: **I PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO. 2018**

C. CONTANDO, POETIZANDO E DRAMATIZANDO O POEMA **“OS MAGOSTOS”, DE ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES**

Poderá concorrer calquera persoa berciana maior de 18 anos e mais o alumnado de galego e portugués da Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada.

A creación literaria será orixinal e inédita.

O autor ou autora escribirá unha peza literaria en galego a partir do poema “Os Magostos”, de Antonio Fernández Morales. Escollerá libremente entre os seguintes xéneros literarios: conto, poesía ou teatro.

Participará cunha soa creación literaria, cunha extensión máxima é de 7.000 caracteres (catro follas). Non haberá extensión mínima. Presentarase en formato Word, letra Times New Roman, tamaño 12 e espazo interlineal dobre.

A participación no concurso implica a aceptación total das bases.

As persoas participantes enviarán un só correo electrónico a premiosmorales@gmail.com, cos seguintes documentos adxuntos:

1. Documento 1, que levará por nome **O TÍTULO DA CREACIÓN**, e que conterá o lema ou pseudónimo e o texto que se presenta ao concurso.
2. Documento 2, e que levará por título **O PSEUDÓNIMO** e, deseguido, o nome e apelidos do autor ou autora, teléfono, enderezo postal e correo electrónico e, de ser o caso, curso e centro educativo.

Na mensaxe indicárase, no asunto: **I PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO. 2018**

2. PRAZO. XURADO. PREMIOS. **PUBLICACIÓN. DEREITOS DE AUTORÍA**

1. PRAZO

O prazo para participar no certame rematará o día 21 de xuño de 2018.

2. XURADO

O xurado estará integrado por persoas de recoñecido prestixio. Nel estarán representadas as seguintes institucións e grupos culturais: Xunta de Galicia, Junta de Castilla y León, Consello Comarcal do Bierzo, Real Academia Galega, Instituto de Estudios Bercianos e Grupo As Médulas para a Lingua e Cultura galegas do Bierzo.

Valorarase a orixinalidade, creatividade e innovación, a calidade estética e artística e, no caso das creacións literarias, a calidade da lingua.

O xurado poderá desbotar aquelas producións cuxo contido non se axuste ás bases ou que promovan unha mensaxe ofensiva, violenta ou discriminatoria.

O xurado poderá declarar deserto o premio.

A decisión do xurado é inapelable.

A organización reserva para si o dereito a interpretar as bases deste certame sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento. A presentación ao certame implica a aceptación destas bases.

3. PREMIOS

Os autores e autoras gañadores serán agasallados cunha publicación que recollerá os traballos premiados e outras creacións seleccionadas pola comisión organizadora e que será presentada durante o acto de entrega dos premios. Así mesmo, participarán no acto público de entrega dos premios.

4. ACTO DE ENTREGA

O acto de entrega dos premios será público e realizarase o día 20 de outubro nas Médulas.

5. PUBLICACIÓN

Os traballos premiados e outras creacións seleccionadas pola comisión organizadora formarán parte dunha publicación que se presentará durante o acto de entrega dos premios. A comisión organizadora do acto reserva para si a decisión de seleccionar aquelas creacións que considere adecuadas.

A publicación será enviada aos centros de ensino de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato, adscritos ao Programa para a Promoción do Galego no Bierzo, á Escola Oficial de Idiomas e ás bibliotecas públicas do Bierzo.

6. DEREITOS DE AUTORÍA

A presentación a este certame implicará para as persoas premiadas a cesión dos dereitos de propiedade intelectual de contido patrimonial das obras en favor dos organismos que o convocan.

De ser o caso, nas accións informativas e divulgativas e nas publicacións relacionadas con este certame farase constar a colaboración das entidades participantes e utilizaranse, cando proceda, os seus logos de acordo coa normativa de identidade corporativa.

ANEXOS

POEMA “OS MAGOSTOS”

*ENSAIOS POÉTICOS EN
DIALECTO BERCIANO, 1861*

**ANTONIO FERNÁNDEZ
MORALES**

OS MAGOSTOS

No primeiro de Noviembre
mes no que os hortos do Bierzo,
as viñas, veigas e praos
xa están de todo baleiros,
pero en troque de cebolas
calabazas e pimentos,
de conchos, fabas, pedrollos,
e patacas están cheos
os sobrados, i as bodegas
de viño aínda fervendo;
neste mes en que xa trochos,
rebilbando ós castañeiros,
non van tirar os garduños,
porque xa nada tein dentro
os orizos, que fai pouco
regañaban, e no suelo
pingaban negras castañas
que apañaban nos seus megos
os lacazais rapaciños
sin o permiso do dueño;
neste mes en que xa as vellas,
pra facer logo botelos,
os cochos con salvao ceban
cocido en agua fervendo,
amesturado con mondas
de patacas e cachelos
de nabos, tronchos de verzas,
e castañas nos maseiros;
neste mes no que xa os figos
quédanse fofos co hielo,

os membrillos i acerolas
recollen os confiteiros,
os merodos poinse roxos
e se poin os bruños negros;
os homes mallan o liño
pra que as mozas fagan cerros
e destes lurias cos fusos
i as rocas, entrao o inverno
polas noites no fiandón
dos seus respetivos pueblos;
neste mes, ou mellor dito,
naquel día do mes mesmo,
día Santo do meu Santo
e tamén, lector, do teu,
do meu padre e da túa madre,
do teu sogro, si eres xenro,
da túa muller e teus fillos
si eres padre, anque solteiro;
santo, en fin, dos homes todos
e mulleres por supuesto
que na pila do bautismo
de Cristo entraron no gremio;
naquel día... mais xa bonda,
pois pra decir, lector meu,
que era de Todos os Santos
o Santo día, ben creo
que bondaba a primer copla
ou sea o renglón primeiro,
de adoito, pois, aquel día
tein as familias do Bierzo

de salir ós campeliños,
dos magostos co pretesto,
a ter cos deudos i amigos
unha tarde de bureo.

As máis pobres se contentan
con levar ó campo un mego
de castañas, e de viño
un calabazo ben cheo.

Si tein *cum quibus*, tamén
levan sardiñas, pimentos,
pulpo, peixes, ou de acelgas
empanadas de centeo.
En cuanto chegan ó campo
poin as castañas no suelo;
collen zarzas dos subiaos,
follas de árboles e fieitos,
e con pallas dos rastrollos
unha fogueira fain presto.

Pra que se asen por igual
as castañas, cun galleiro,
dende que a estoupar empezan,
sempre as están revolvendo.

Mentras tanto xuntos todos
os rapaciños do pueblo
divírtense á buraquíña,
á cocha i outros enredos.

Séntanse logo ó redor
do magosto e co galleiro
escagallan as castañas
pra que non queimen os dedos.

Pra facer boca, un gotín
cada cual bebe primeiro
sin que naide a calabaza
toque cos morros, pois esto
fora unha mala crianza,
e son ben criaos no Bierzo.

A calabaza irguen pois
sobre a boca palmo e medio,
i o chorro, que da vitola
vai fío á fío caendo,
dos seus labios remelaos,
o van aparando dentro.

Outros pra lucir acaso
a súa habilidá bebendo
a caramañola, erguen
a calabaza hasta o Cielo,
e fain que o chorro lles caiga
nas nefres, ou no entrecello,
e logo dereito á boca
lles vaiga o viño correndo.

En bon amor e compañía
co mosto e castañas, presto
se papan toda a merenda
i alegres tornan pra o pueblo.

A xente de máis posibles
ou Señoritos, o mesmo
van ós campos de jolgorio
dos magostos co pretesto.
Cargaos levan os fámulos
ca merenda nunhos cestos
composta de anguilas, truitas,
polos, pampalliños tiernos,
e sobre todo empanadas
con salmón ou lomo dentro.

Tamén pra desengrasar
van uvas e dulces secos,
e pra que pase a merenda
pola gorxa sin tropezo,
vai hipocrás, tostadillo,
e viño abondo en pelexos.

As Señoriñas e "polos",
mentras e non que facendo
o magosto están os criaos,
divírtense que é un contento,
ou ben ás escondidillas
tras dos beirois e medeiros,
ou bailando a *giraldilla*
cantada por eles mesmos.

Logo que o Sol funde a cresta
detrás das crestas dos cerros,
fartos unhos, algúis *mostos*,
moscois ou mosquitos feitos;
e muitos inda calentes
daqueles bailes i enredos,
pra casa volven cantando,
elas de tiple, e facendo
eles na Atala e Corina
o dúo, canciois que un tempo
enseñaron a súas madres
os frades de Carracedo.

Seique os magostos non tein
máis lances, ou polo menos
eu nunca neles vin dar
a ningúa algún tropezo
de resultas do que, o corpo
macéase no santo suelo.

Mais vamos ver que acontece
ó pé das torres dos pueblos
ora que a noite ia chega;
pois si cos magostos esto
non ten que ver, ó fin pasa
dos Santos, no día mesmo.

Polas limosnas
de polos, pitas,
manteca, liño,
untos, cerillas,
ochavos, lana,
i outras cousiñas
que todo o ano
dan ás benditas
ánimas cuantos
devotos inda
pagan os diezmos
i a máis primicias,
aquelas a estes
dan neste día
muitas castañas,
mamucas ricas,
con fiollo, nébeda
e sal cocidas,
que o Maiordomo
dende a cornisa
da torre ó pueblo
a puños tira;
pois son as ánimas
agradecidas.

Os rapaciños
en cuanto endilgan
as que rodando
van por enriba
das lousas do atrio,
danse entrepisas,
corren e bótanse
as zancadillas,
aléanse, cáense
unhos encima,
debaixo os outros,
rompendo a crisma,
si non nas lousas,
contra unha esquina.

Cuidan as vellas
que de rodillas
pra si rezando
a letanía,
aquel que colle
cara pra arriba
ca boca aberta
dúas mamuquiñas,
gana indulgencias
pra muitos días.

Así é que ó atrio
vanse ben listas
i abrindo a boca
logo se fincan,
aíllí aguardando
as castañiñas.

Presto da testa
lles caen encima
as indulgencias
que vein de arriba,
chinchois facéndolles
de media libra,
pero na boca
nunca unha pillan.

Tamén ás veces
as esfociña
contra as pizarras
en que se fincan
aquela inquieta
rapacería
que en rebullois
lles cae encima.

Mais tein as vellas
nestas caídas,
unha ventaxa
de muita estima;
pois anque deixen
morros i encías,
non se desdentan
nin descolmillan.

En troque contras
tein ben sabidas
por mor daquela
gran pillería.

Esta do Diaño
louca familia,
ó ver as vellas
cara pra arriba,
ca boca aberta,
presto imaginan
dalas merengues
dos que nas tripas
os confiteiros
que, ou ben relinchan
ou ben ornean
pra elas fabrican
e botan fóra
todos os días.

Elas que dentro
das súas encías
sinten de pronto
a golosiña,
fain unhas muecas
que causan risa
i hasta o redaño
ca flema e tripas
remisturao
ailí vomitan.

Bufan ca rabia,
patean e chillan
como as garduñas
que son collidas
nas garduñeiras
cuando as endinas
van ós poleiros
a matar pitas.

Da burlisqueira
rapacería,
que vai tras delas
orneando, listas
fuxen pra casa
cuspindo aínda
as faragullas
da golosiña.

Mais presto a todas
lles pasa a ira,
pois naquel feito
tan porco, cuidan
que máis que perden
ganan aínda;
pois si a que colle
dúas mamuquiñas
gana indulgencias
pra muitos días,
a que merengues
(cousa máis fina)
papa, rezando
a letanía,
fincada no atrio
cara pra arriba,
ca boca aberta
como unha mirla,
gañaa as plenarias
pra toda a vida.